Documento base (sección 8):
A IDEA DE CIDADANÍA:
XÉNESE HISTÓRICA E FUNDAMENTACIÓN FILOSÓFICA.

A autonomía moral da persoa, analizada na sección 6, ten a súa expresión no plano socio-político na idea de cidadanía. O suxeito moral autónomo, señor de si mesmo, esixe ser recoñecido polos seus iguais no seo da comunidade política da que forma parte e, en consecuencia, reclama o dereito a participar activamente na construción dunha sociedade xusta que respecte e garanta os seus dereitos; cumprindo, pola súa parte, cos deberes que comporta esta condición de cidadán.

A idea de cidadanía expresa fundamentalmente un tipo de vínculo do individuo coa comunidade política á que pertence, e que lle serve para identificarse. Pero a identidade política do cidadán úneo aos demais cidadáns nunha relación de igualdade, á vez que o separa e o distancia dos non-cidadáns a modo de "fronteira" de inclusión/exclusión. Esta dialéctica entre cidadáns e non-cidadáns é importante para entender moitos dos conflitos e loitas socio-políticas tanto do pasado coma do presente.

Nesta sección analizaremos, en primeiro lugar, a xénese e evolución histórica da noción de cidadanía, para desenvolver posteriormente a fundamentación filosófica da mesma, e rematar analizando algunhas das cuestións de actualidade máis relevantes ao respecto.

1. XÉNESE E EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA IDEA DE CIDADANÍA.

O concepto de cidadán nace xa na antigüidade vinculado ás formas de organización política do poder para designar o estatus socio-político dos membros plenos da comunidade política. Fagamos algo de historia.

1.1. A Grecia antiga: unha cidadanía activa exclusiva

A forma de organización política característica da Grecia antiga foi a *Polis* ou Cidade-Estado. Estas entidades políticas, constituídas territorialmente por un núcleo urbano e as terras de cultivo circundantes, eran autárqicas (gobernábanse a si mesmas) por ser independentes e autosuficientes. O seu esquema organizativo foi moi semellante en todas elas, pese ás diferenzas de réximes políticos que desenvolveron.

Os cidadáns da *Polis* (*polites*) eran unha categoría minoritaria, pero dominante e privilexiada, pois a eles correspondía a dirección, administración e defensa da *Polis*. A categoría dos cidadáns estaba formada exclusivamente polos varóns adultos, libres e naturais da *Polis* (descendentes lexítimos doutros cidadáns). Desta condición estaban excluídos non só os estranxeiros e os

escravos, senón tamén os nenos e as mulleres, relegadas ao ámbito doméstico. [En Esparta os cidadáns formaban unha verdadeira elite militar, xa que dende pequenos eran sometidos a un adestramento moi duro e educados na irmandade, para prestar unha entrega e lealdade incondicional á *Polis*.]

O ideal da vida cidadán era a participación na deliberación e decisión dos asuntos públicos da *Polis*: asistir e participar na Asemblea de cidadáns e nos tribunais, así como ocupar cargos e maxistraturas (moitas veces por sorteo). Os cidadáns non desempeñaban oficios nin realizaban tarefas de carácter manual, que estaban encomendadas a escravos e estranxeiros. No máximo esplendor da democracia ateniense, Pericles (s.V. a. C.) dirá que os cidadáns que non participan nos asuntos públicos, e só se dedican ao seu, non poden ser considerados individuos pacíficos, senón máis ben *inútiles* (*idiotes,* que é o que só se preocupa dos seus asuntos). A virtude cívica do cidadán consiste precisamente no compromiso e participación activa e leal nos asuntos públicos da *Polis.* E para a adquisición desta virtude cívica é esencial a educación.

Os cidadáns eran, pois, libres (podían participar e expresar as súas opinións sobre os asuntos públicos, *isegoría*) e iguais (*isonomía*, igualdade ante a lei). Non obstante, na práctica houbo importantes desigualdades económicas entre eles, e, ás veces, a asistencia ás asembleas e tribunais era reducida; polo que en Atenas chegouse a pagar unha remuneración por asistir ás asembleas e tribunais, para favorecer a participación.

1.2. Roma: extensión do dereito e expansión dunha cidadanía pasiva

A condición de cidadán en Roma evolucionou e flexibilizouse ao irse estendendo os seus dominios territoriais coa conquista doutros pobos, até constituír finalmente o Imperio. Coa expansión territorial, a participación directa nos asuntos públicos faise imposible, e a idea de cidadanía transformarase nunha condición xurídica que protexe os dereitos dos cidadáns.

A condición de cidadán romano distinguíao de alguén de inferior estatus, como un escravo, un fillo ilexítimo ou un estranxeiro, e outorgáballe o goce de certos dereitos tanto privados como públicos, así como a protección do dereito romano. Tales dereitos ían acompañados de obrigas, como o pago de certos impostos e a realización de servizos militares. Polo que o cidadán se converte nun suxeito pasivo de dereitos e obrigas, máis que nun membro activo participante das deliberacións e decisións políticas, como fora no caso de Grecia.

Dende esta perspectiva hai que entender a progresiva concesión e extensión do dereito de cidadanía en Roma. Nun primeiro momento, na República, o pobo baixo, os plebeos, loitaron para acadar dereitos que eran privilexio dos patricios. Pero, despois, a concesión de cidadanía a outras cidades italianas, e máis tarde a outros pobos conquistados, formou parte dunha “intelixente”

política de asimilación realizada por Roma. Deste xeito, sen destruír a identidade étnica e cultural dos conquistados, garantía a súa lealdade e aseguraba o incremento da recadación de impostos, á vez que aumentaba o potencial de recrutamento de lexionarios para os exércitos. Así, hai que entender o Decreto de Caracalla do 212, que outorgou a cidadanía a todos os habitantes libres do Imperio, suprimindo as diferenzas xeográficas e os diferentes graos de cidadanía existentes até entón.

Pero a extensión do dereito de cidadanía tivo unha consecuencia perversa, que foi a depreciación da condición de cidadán, que deixou de ser un trazo de honra e distinción, capaz de igualar aos cidadáns; xa que as división sociais de clase entre cidadáns eran cada vez máis acusadas. Así, a condición de cidadán romano foise identificando coa de "súbdito" do Imperio, sometido e protexido polas súas leis.

1.3. A Idade Media: o eclipse da cidadanía

No Medievo as relacións socio-políticas de poder expresaranse en termos de relacións persoais de "vasalaxe" e "servidume", dando lugar a unha estrutura xerárquica de poder-dominación de tipo piramidal. Neste contexto, non só desaparece a idea de cidadanía activa, baseada na participación, característica da Grecia antiga, senón tamén a de cidadanía pasiva, pois non hai un dereito común que protexa aos individuos fronte aos abusos procedentes do poder discrecional dos seus señores "naturais".

Neste contexto, o papel do Cristianismo foi, cando menos, contraditorio. Por unha banda, a nivel teórico, predicou a igualdade e fraternidade universal de todos os seres humanos ("fillos de Deus") e, polo tanto, cidadáns do reino (celestial) de Deus; pero, por outra banda, bendiciu e confirmou as relacións xerárquicas de poder establecidas (no reino terreal), coa súa teoría da orixe divina do poder político, que sacralizaba a desigualdade natural dos seres humanos, como expresión da propia vontade divina. Ademais, a propia Igrexa adoptou a mesma estrutura xerárquica e piramidal de poder da sociedade medieval, e converteuse no poder ideolóxico dominante ao que habían de someterse os crentes, reducidos á condición moral de suxeitos heterónomos.

Non obstante, algunhas cidades conseguiron certos foros que lles daban un estatuto de independencia, polo que os cidadáns, organizados en gremios, encargábanse do goberno, administración e defensa da súa cidade, creando institucións públicas, recadando impostos, e mesmo formando milicias cidadáns. Destacaron neste sentido, nos últimos séculos da Idade Media e durante o Renacemento, as Repúblicas independentes italianas, como Xénova, Milán e Florencia, onde os gremios de cidadáns participaron máis activamente nos asuntos públicos, desenvolvendo as virtudes cívicas e un sentimento de patriotismo cívico, comparable ao existente nas *Polis* gregas e na República romana, que lles serviron de inspiración.

1.4. A Modernidade: a conquista da cidadanía moderna

Nos primeiros séculos da Idade Moderna, coas monarquías absolutas, os cidadáns libres convértense en "súbditos", sometidos ao poder soberano dos monarcas, que lles ofrecen certa protección fronte ás arbitrariedades dos poderes locais, como contrapartida polo seu apoio, tanto económico (impostos) como militar (engrosando os seus exércitos). Algúns grandes teóricos do s. XVII, como Bodin e Hobbes, chegan a identificar os conceptos de "cidadáns" e "súbditos", pois consideran obriga dos cidadáns prestar obediencia, lealdade e respecto ao seu soberano a cambio da súa protección e xustiza.

Pero as tornas cambiarán coas revolucións burguesas. En efecto, o ascenso social da burguesía acabará liquidando as monarquías absolutas, que anteriormente apoiara. Con elas consideramos que se cerra a Idade Moderna; pois as transformacións políticas producidas inauguraron unha nova era nas formas de organización política, nas que o concepto de cidadanía cobra un novo protagonismo.

A Revolución Inglesa de 1688 (a "Gloriosa") acabou co absolutismo en Inglaterra, limitando fortemente o poder real, que quedará sometido ao Parlamento (convertido este no auténtico poder soberano), e recoñecendo os dereitos e liberdades cívicas fundamentais dos cidadáns. Case un século máis tarde, a Revolución Americana, que en 1776 liberou da coroa británica ás colonias americanas creando Os Estados Unidos, deu aos seus cidadáns non só liberdades, senón tamén o dereito de constituír a súa propia forma de goberno. E en 1789 a Revolución Francesa non só liquidou a monarquía e suprimiu os rangos da sociedade estamental, senón que tamén proclamou a "liberdade, igualdade e fraternidade" de todos os cidadáns e os seus dereitos. Así, o anterior concepto de "súbdito" foi formalmente substituído polo de "cidadán", soberano de si mesmo, suxeito de dereitos e participante activo na configuración política da súa sociedade.

O vínculo da "fraternidade" tivo a súa expresión no concepto de "nación", entendida como comunidade política soberana, ao redor da que se desenvolve un sentimento de pertenza, base da identidade socio-política do cidadán. Sentimento alimentado con símbolos (como a bandeira, o himno nacional, etc.) e outro recursos, como a lingua, para xerar o sentido de unidade e "patriotismo". Deste xeito, irase producindo unha certa asimilación entre o concepto de "cidadanía" e o de "nacionalidade", até chegar a confundir a miúdo actualmente a adquisición da cidadanía coa adquisición da nacionalidade. [Compre precisar, non obstante, que ter unha determinada nacionalidade por pertencer a un pais non sempre foi sinónimo de posuír a condición plena de cidadán e os seus dereitos, pois deles careceron aínda durante moito tempo os escravos e as mulleres]

En canto á “igualdade”, compre ter en conta que a condición de cidadán, tanto en América como en Francia, será inicialmente aínda moi restritiva, pois irá ligada á ser propietarios e ao pago de impostos. Non hai que esquecer que tardará moito tempo aínda en abolirse a escravitude, e que a condición da muller era de absoluta dependencia dos varóns. Por iso, nos dous séculos seguintes serán necesarias moitas loitas e esforzos para estender os dereitos de cidadanía aos colectivos anteriormente excluídos, e tamén para ampliar a lista dos dereitos recoñecidos e protexidos, como teremos ocasión de ver posteriormente noutras seccións.

2. FUNDAMENTACIÓN FILOSÓFICA DA IDEA DE CIDADANÍA

En termos xerais, até a Modernidade ter a condición de cidadán fora o resultado natural da sorte do nacemento: por nacemento uns son libres e outros escravos ou servos, varóns ou mulleres, etc. Esta lotería (ou sorte) natural foi a miúdo xustificada ou santificada polas crenzas relixiosas ao interpretala como vontade divina.

Ademais, por outra banda, ao longo de toda a Idade Media, o dominio ideolóxico do Cristianismo en Occidente, exercido de xeito monopolístico pola Igrexa, mantivo nunha situación de heteronomía moral a toda a poboación, sometendo ao pensamento mesmo e á razón á tutela da fe, como se de menores de idade se tratase.

Pero a Modernidade, dende o Renacemento, iniciará un proceso de secularización que irá progresivamente sacudíndose ese xugo ideolóxico até proclamar a autonomía da razón; primeiro no campo da ciencia (Galileo, etc.) e, en seguida, no propio terreo da conciencia moral. A superación das guerras de relixión entre católicos e protestantes trouxeron consigo o ideal de “tolerancia” e a liberdade de conciencia. Pero, levantada a tutela relixiosa, tiña que caer tamén consecuentemente a tutela política exercida polas monarquías absolutistas, sostidas sobre esas bases ideolóxicas.

O punto culminante desta revolución ideolóxica foi a Ilustración europea. Un movemento cultural que se estende entre a Revolución Gloriosa de 1688 e a Revolución francesa de 1789, e que foi denominado o “século das luces”, ou da razón. Será precisamente I. Kant, un dos máis destacados filósofos da Ilustración, o que mellor expresou o que significa “ilustración”: “atrévete a pensar”, a usar a propia razón sen tutela allea, para saír da “minoría de idade”.

Aquí reside, seguindo tamén a Kant, o fundamento último da idea de cidadanía: na condición racional do ser humano que fai del un suxeito moral autónomo, señor de si mesmo e capaz de autolexislar, de darse a si mesmo leis dende a propia razón: leis, que por brotar da razón, terán valor universal para todo ser racional (sempre que se sitúe no plano da razón e sen distorsións). Por iso, o

cidadán, como ser racional que é, ha de participar activamente nas deliberacións e decisións dos asuntos públicos que a todos afectan.

Ademais, considera Kant que é precisamente esta condición de ser racional o que converte ao ser humano nun fin en si mesmo, sen prezo, que non pode servir de medio para ningunha outra cousa (pois nada hai máis valioso). Esa é a base da dignidade humana que esixe respecto para non ser tratado como unha cousa ou ser usado como un instrumento para outros fins. Por esa dignidade básica o ser humano é suxeito de dereitos que deben serlle recoñecidos e protexidos.

Naturalmente, a fundamentación kantiana ten como consecuencia lóxica a esixencia dunha cidadanía cosmopolita universal, que el mesmo imaxinou dentro dunha confederación mundial de repúblicas… Aspiración e esixencia moral que xa na Antigüidade propuxeran os estoicos. Na última parte desta sección volveremos sobre este tema.

Compre analizar agora con brevidade as principais concepcións teóricas sobre a cidadanía. Cada unha das tres concepcións que imos ver caracterízase por salientar con especial énfase algún dos tres aspectos que concorren na idea de cidadanía: a) participación e compromiso cívico, b) recoñecemento e protección de dereitos, e c) sentimento de identidade e pertenza a unha comunidade. A súa importancia reside nas implicacións políticas que comporta cada unha.

2.1. A concepción republicana da cidadanía

A tradición republicana sitúa como eixe central da súa concepción da cidadanía a participación activa nos asuntos públicos. Partindo dun concepto positivo de liberdade entendida como autonomía, concibe ao cidadán como autolexislador; polo que considera necesario o desenvolvemento de virtudes cívicas nos cidadáns que os vinculen e comprometan coas institucións públicas de autogoberno na busca do ben común. Tal liberdade é incompatible coa existencia de estruturas socio-políticas de dominación, que manteñan a submisión arbitraria duns sobre outros (varóns/mulleres, dominio sobre minorías étnicas, etc.). Por iso, o principio de igualdade, nesta concepción, ten que ir moito máis alá da simple igualdade ante a lei (formal e teórica), para eliminar as barreiras da dominación e xerar unha verdadeira igualdade de oportunidades para todos.

Esta tradición republicana ten unha longa historia tras si. Arranca da organización política das *Polis* gregas e da República romana, que serviu de modelo para as repúblicas italianas renacentistas. E, dende o plano do pensamento teórico, foi defendida por pensadores tan destacados como Aristóteles, Rousseau e Kant. En Rousseau (s. XVII) ocupa un lugar central o

cidadán como autolexislador que cooperativamente cos demais concidadáns conforma a "vontade xeral", que se expresa nas leis do Estado.

No pensamento actual, o filósofo alemán J. Habermas representa ben esta liña de pensamento. Dende a perspectiva da Ética dialóxica por el defendida, Habermas insiste na necesidade da participación cidadá na deliberación e decisión dos asuntos públicos a todos os niveis, para poder ter en conta os intereses de todos os posibles afectados e, así, poder harmonizar os intereses particulares co interese xeral. Tamén nesta liña, Habermas tense referido á necesidade dun "patriotismo constitucional" que vincule aos cidadáns na tarefa común de lograr o ben xeral; ben distinto do "patriotismo nacional" fundamentado en sentimentos étnicos a miúdo exclusivistas e xenófobos.

2.2. A concepción liberal da cidadanía

A concepción liberal é froito da modernidade. Parte de considerar que os individuos teñen liberdades e dereitos naturais anteriores e independentes da comunidade política da que formen parte. Tales liberdades e dereitos son inalienables; isto é, son irrenunciables e ninguén ten dereito a suprimilos. Ademais estas liberdades son concibidas en sentido negativo: non interferencia doutros, nin sequera do Estado, na esfera privada das liberdades naturais. A esfera pública, fronte á privada, é concibida entón como o espazo de convivencia que ha de garantir e protexer o exercicio da propia liberdade individual, mediante regras de xogo xustas. Dende esta perspectiva o cidadán redúcese a un suxeito de dereitos, garantidos pola comunidade política. [O seu precedente histórico foi a cidadanía romana].

O primeiro gran teórico desta concepción liberal foi J. Locke (s. XVII), que afirmou que os seres humanos nacen libres e iguais, e con dereito á vida, á liberdade e a propiedade, cuxa defensa e protección sería a única misión do Estado. Dende Locke a tradición liberal foise desenvolvendo e consolidando como parte fundamental da cultura política moderna separando a esfera privada das liberdades (que ha de ser protexida con celo) da esfera pública (á que corresponde organizar unha convivencia xusta).

No pensamento contemporáneo, dentro dunha posición liberal moderada, destaca o pensador norteamericano J. Rawls. A súa preocupación no terreo político foi a xustiza: definir cal sería a estrutura xusta dunha sociedade, sobre a que é necesario un consenso mínimo, máis alá das distintas concepcións particulares sobre o ben moral e a felicidade. Porque só partindo dun consenso compartido sobre as esixencias mínimas de xustiza, poderían convivir e desenvolverse os diferentes plans de vida que sustentan concepcións do ben particulares e diferentes, sobre todo nas sociedades pluralistas actuais.

Pero, Rawls, a diferenza doutros liberais máis radicais (como Nozik), considera que nese ideal de xustiza mínima compartida habería que incluír uns ben

básicos, iguais para todos, e unha verdadeira igualdade de oportunidades, que compensase dalgún xeito as desigualdades procedentes da "lotería natural", que nos dotou a cada cal de forma desigual. (Aproximándose, así, ás posturas republicanas)

2.3. A concepción comunitarista da cidadanía

A concepción política comunitarista aparece e desenvólvese nas últimas décadas do século XX no contexto que presenta a sociedade globalizada e o progresivo multiculturalismo. Nace como crítica ás concepcións individualistas liberais, e partindo de raíces republicanistas, pero levadas a extremos dificilmente asumibles moitas veces. Pensadores destacados desta corrente son Mc Intyre, Taylor ou Walzer.

O eixe central da súa concepción da cidadanía é a cuestión da identidade do suxeito, que se define pola súa pertenza a unha comunidade. O individuo non é anterior á comunidade, senón ao revés, o individuo nace xa nunha comunidade, cunha determinada cultura e unha concepción do ben e da xustiza xa determinado. O individuo illado, desprovisto de toda concepción moral sobre o ben, e sen identidade de pertenza a unha comunidade é unha pura abstracción liberal inexistente, unha ficción. Dende esta perspectiva explícase a falta de participación e de compromiso cos asuntos públicos dos cidadáns nas sociedades modernas e multiculturais, pola falta de sentido de pertenza a unha comunidade coa que identificarse.

Por iso, rexéitase a posibilidade mesma dunha organización política xusta que puidera ser neutral con respecto ás diferentes concepción valorativas do ben. O propio concepto de xustiza, e as leis que tratan de realizalo, presupoñen xa unha certa concepción valorativa. Por iso, os comunitaristas consideran necesario desenvolver comunidades políticas formadas por cidadáns que compartan a mesma concepción do ben e os mesmos valores, para que podan sentirse identificados culturalmente e participar no mesmo proxecto compartido colectivamente.

O problema desta perspectiva teórica é a posible deriva e lexitimación de etnicismos, fundamentalismos e nacionalismos extremos e excluíntes, que esixan "adhesión inquebrantable" aos seus membros, restrinxindo ou anulando os seus dereitos e liberdades fundamentais dos seus membros, e confundindo o compromiso e a participación nos asuntos públicos coa homoxeneidade moral e cultural.

3. Problemas actuais do dereito de cidadanía

Sole admitirse que o concepto actual de cidadanía, convertido xa en canon, é o formulado polo sociólogo británico T. H. Marshall en 1949. Segundo este autor o actual concepto de cidadanía inclúe tres elementos que evolucionaron

historicamente nesta orde: 1) dereitos civís, 2) dereitos políticos, e 3)dereitos socio-económicos.

1. Os dereitos civís son os necesarios para a liberdade do individuo: dereito á vida, á propiedade, á liberdade de pensamento e relixión, dereito a establecer contratos válidos, á xustiza, etc… En xeral, son conquistas do século XVIII nos seus aspectos básicos.
2. Os dereitos políticos son os dereitos a participar no exercicio do poder político: basicamente o sufraxio activo e pasivo, que son conquistas do século XIX; aínda que o sufraxio feminino non chegou até o século XX.
3. Os dereitos socio-económicos implican o dereito a un mínimo de benestar e seguridade: sanidade, educación, seguro de xubilación, de desemprego, etc. Son conquistas do século XX; moitas das cales, a miúdo, non son máis que aspiracións ou desexos programáticos, como o dereito ao traballo, a unha vivenda digna, etc.

Frecuentemente, tende a reducirse a idea de cidadanía aos dereitos políticos e identificala con “nacionalidade”. Pero, sen os dereitos socio-económicos, a cidadanía redúcese a unha condición xurídica en gran parte formal e teórica, que non logra a implicación efectiva dos cidadáns nos asuntos públicos. Ademais, a igualdade legal dos cidadáns esixe unha condicións socio-económicas mínimas que compensen en parte ás desigualdades naturais de partida, para que os dereitos cidadáns poidan exercerse realmente por todos.

Por outra banda, na actualidade, dende as últimas décadas do s. XX, o estatuto de cidadanía suscita novos problemas debido a determinados fenómenos socio-políticos: 1) inmigración, 2) multiculturalismo, 3) unións políticas supra-estatais, 4) globalización.

1. O aumento da inmigración nos países máis desenvoltos suscita o problema de determinar as formas de pertenza e inserción dos inmigrados nas comunidades políticas nas que se insiren, e os dereitos consecuentes dos mesmos. Aos traballadores inmigrantes solen recoñecérselles dereitos socio-económicos, (ademais dos civís); pero non os políticos, reservados aos “nacionais”. Actualmente debátese a cuestión de estender a eles tamén dereitos políticos tales como o sufraxio, nos casos de residencia “prolongada.

2. O pluralismo étnico, cultural e moral característico das actuais comunidades políticas esixe unha ética cívica de mínimos compartida por todos, máis alá das identidades particulares e grupais, para lograr unha certa unidade na diversidade. Pois cada persoa reúne diversas identidades (concéntricas: familiar, relixiosa, cultural, didadán…) que han de ser respectadas, pero harmonizadas. Non obstante, minorías étnicas anteriormente excluídas poden reivindicar xustamente o recoñecemento

dunha cidadanía diferenciada, que permita a súa equiparación cos grupos maioritarios.

3. A formación de unidades políticas supra-estatais, como a Unión Europea ou Mercosur presenta o feito dunha cidadanía compartida a diferentes niveis (estatal e supra-estatal) que esixe harmonización.

4. O fenómeno da globalización fai revivir a esixencia ética de construír unha cidadanía cosmopolita, como xa soñaran o filósofo grego Zenón ("cidadán do mundo") e o filósofo da Ilustración europea, I. Kant (s. XVIII). Pero a súa concreción xurídica e realización plena non se presenta tarefa fácil polo momento. As fronteiras seguen a ser na maioría dos casos muro de exclusión; pero a súa desaparición non parece aínda máis que unha utopía.

ACLARACIÓNS E PRECISIÓNS (SECCIÓN 8ª)

A metáfora do ordenador: límites e insuficiencias

O paradigma cognitivo en psicoloxía apóiase na chamada 'metáfora do computador', segundo a cal a mente humana e a computadora son sistemas de procesamento de información funcionalmente equivalentes. A analoxía entre a mente humana e os sistemas artificiais de cómputo foi proposta xa antes de que se inventasen os computadores. Pódese nomear a Turing (1937) quen ideou unha máquina hipotética que podería simular calquera cómputo, mesmo os comportamentos intelixentes humanos, até o punto de enganar a un observador inxenuo coas súas respostas. A esta creación hipotética chamouna "Máquina Universal". Os ordenadores son máis ou menos equivalentes á máquina de Turing.

A analoxía entre mente e ordenador é funcional, non física. Aseméllanse no software (operan con símbolos ou representacións, teñen procesos análogos de codificación, almacenamento, organización dos datos, etc.) pero non no hardware (neuronas vs. circuítos integrados).

Pero as metáforas son heurísticas porque inspiran novas hipóteses e teorías, pero máis adiante tórnanse ineficaces e inexactas ao entorpecer a comprensión da realidade. A metáfora do computador foi moi fértil e frutífera (serviu como fonte de hipóteses, ferramentas conceptuais e notacións útiles), pero comeza a mostrar signos de envellecemento. Estas incipientes insuficiencias advírtense en certas áreas: os programas de IA (Intelixencia artificial, versión forte da analoxía mente-ordenador) só poden simular unha gama limitada de comportamentos humanos:

- O computador é apto para enfrontarse a problemas simbólicos ben definidos, mentres que a mente enfróntase a problemas ambientais mal definidos, inestables, ambiguos, cousa que o computador non admitiría.
- O computador opera con representacións ben definidas, mentres que a mente opera ademais con imaxes, e os seus conceptos son difusos ou mal definidos.
- O computador é pasivo, pero a mente é activa, busca e selecciona información segundo as súas motivacións ou plans.
- Os outputs do computador son simples expresións simbólicas, mentres que a mente xera respostas complexas que inclúen respostas motoras, feedback sensorio motriz, coordinación de plans, invención de proxectos, etc.
- A mente, a diferenza do computador, pode aprender máis facilmente, autoprogramarse e incorporar novas regras ou estratexias.

Pero o problema principal da analoxía é o da conciencia. Existen na mente unha serie de fenómenos paralelos ao procesamento da información, pero non identificables con este. Trátase dunha dimensión experiencial ou

fenomenolóxica, que se pode denominar co termo "conciencia", base da identidade do "eu" e que serve para unificar toda a experiencia persoal do suxeito: é o sistema central executivo que exerce control tanto sobre os procesos de información como sobre os procesos afectivos e motivacionais, decisivos á hora de comprender a planificación de accións e a toma de decisións.

Neste sentido a mente humana non é tratada con xustiza pola metáfora computacional, pois a mente humana integra non só un "procesador de información" (intelixencia computacional), senón tamén un compoñente afectivo e motivacional desde onde se crean proxectos de vida inventando posibilidades novas e propoñéndose fins, que mesmo desbordan a realidade dada prolongándoa ("intelixencia creadora ou emocional").

Percepción humana e intelixencia.

As teorías construtivistas da percepción fan énfases na actividade organizativa que o suxeito realiza no proceso perceptivo: no procesamento da información perceptiva o suxeito organiza o fluxo sensorial dos estímulos en unidades significativas mediante esquemas innatos ou adquiridos que posúe o suxeito. (Fronte ás teorías psicolóxicas obxectivistas da percepción, que negan, ou polo menos restan importancia, á actividade do suxeito no proceso perceptivo, facendo recaer a explicación do mesmo na propia organización con que se presentan os estímulos)

A percepción humana non se pode explicar como unha simple recepción e rexistro pasivo de estímulos. A actividade humana de procesamento da información recibida é unha construción complexa que realizamos cos estímulos recibidos, organizándoos, segmentándoos, seleccionándoos, unificándoos e dotándoos de significado, mediante patróns ou esquemas, innatos e adquiridos, existentes na nosa memoria. Percibir é coller información e darlle sentido.

O fenómeno do recoñecemento fórzanos a admitir a existencia de patróns ou esquemas que o faga posible. Grazas a eles podemos organizar a información nun nivel máis complexo, recoñecer parecidos e formar agrupacións. E así, a abafadora riqueza da realidade simplifícase. Estes patróns ou esquemas son matrices asimiladoras de información, que a resumen abreviadamente posibilitando o recoñecemento.

Os animais nacen dotados con esquemas de recoñecemento, que lles permiten identificar a amigos e inimigos. Pero tamén poden formar novos esquemas mediante aprendizaxe. O neno nace dotado con poucos esquemas de asimilación e recoñecemento. Aos poucos vai construíndo novos esquemas, que lle permiten acomodarse mellor ás cousas. A diferenza está en que o animal se estanca, mentres que o neno avanza velozmente. Aprende a controlar as súas propias actividades. Non só constrúe esquemas

automaticamente (de forma inconsciente), senón que pode manexalos consciente e voluntariamente.

Aprender a discriminar significa aprender a extraer máis información dos estímulos enriquecendo os esquemas perceptivos. O home é capaz de dirixir esta aprendizaxe perceptivo mediante proxectos, que lle forzan a desenvolver novas técnicas perceptivas. Pero a intelixencia engade a capacidade de dirixir e controlar estes procesos, potenciando e transfigurando así a nosa percepción, que se fai intelixente e, xa que logo, creadora, poética.

Procesos de aprendizaxe

a) **Aprendizaxe por condicionamento clásico:** O condicionamento clásico baséase na asociación de estímulos e provoca os chamados reflexos condicionados. O esquema do mesmo é o seguinte:

1. **EI→RI**
2. **EI+EN → RI**
3. **EN=EC → RC=RI**

EI: Estímulo incondicionado
EN: Estímulo neutro
EC: Estímulo condicionado
RI: Resposta incondicionada
RC: Resposta condicionada

b) **Aprendizaxe por condicionamento operante ou instrumental:** Neste tipo de aprendizaxe asócianse condutas operantes sobre o medio e estímulos reforzadores (apetitivos ou aversivos) que aumentan ou diminúen a probabilidade de que a conduta se repita.
Esquema: **Conduta operante** → **Estímulo Reforzador** (+/-) → Rep. **Conduta**

Tipos de condicionamento:

Aumenta probabilidade de realizar a **conduta** (adquisición)	Diminúe a probabilidade de **conduta** (eliminación)	
Condicionamento de **Recompensa** (Reforzo positivo da conduta)	Condicionamento de **Omisión** (Reforzo positivo da omisión)	**E+** (Estímulo apetitivo)
Condicionamento de **Escape/Evitación** (Reforzo negativo da conduta)	Condicionamento de **Castigo** (Reforzo negativo da omisión)	**E-** (Estímulo aversivo)

c) **Aprendizaxe por imitación ou vicario**
Esquema: **Observación dun modelo** → **Procesos cognitivos internos** → **Imitación**

d) **Aprendizaxe cognitivo:** Construción cognitiva da aprendizaxe